



NOTA INTERIOR	PORTOS DE GALICIA	
	Nº: 10	DATA: 17/10/2011
	DE: ASESORIA XURIDICA	
	A: AREA DE EXPLOTACION E PLANIFICACION	

ASUNTO: CERTIFICADO DO ACORDO DE ADMINISTRACION DE PORTOS DE GALICIA CELEBRADO O DIA 22 DE SETEMBRO DE 2011

Xunto coa presente remítese certificado do acordo de Administración de Portos de Galicia que se adoptou dentro do Punto XII da orde do día, con respecto a da modificación das Zonas Territoriais Norte e Centro de Portos de Galicia.

Xefe da S^a X^a -ASESORIA XURIDICA

Manuel Bautís Cheda
Manuel Bautís Cheda



Manuel Bautís Cheda, Secretario do Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia- Consellería do Mar-Xunta de Galicia,

CERTIFICA:

Que o día 22 de setembro de 2011 reuníuse en sesión celebrada en segunda convocatoria o Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia, e adoptou dentro do Punto XII da orde do día, o seguinte acordo:

Por unanimidade dos asistentes presentes no intre da votación segundo consta na acta aprobada da sesión, e coas delegacións de voto efectuadas, o Consello, de conformidade co artigo 7.3.b) da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do Ente Público, e vista a proposta da Dirección do Ente Público acorda a aprobación da Modificación das Zonas Territoriais Norte e Centro de Portos de Galicia.

Modificación Anexa a esta certificación.

O que se fai constar co visto e praxe do Presidente do Consello, en Santiago de Compostela a vinte e dous de setembro de dous mil once, dacordo cos artigos 18.3 e 20.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como co artigo 25.3.f) da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro facéndose referencia á circunstancia de que a acta da sesión de referencia esta pendente de aprobación.

Vº E PRAXE

O PRESIDENTE,



XUNTA DE GALICIA
Portos
de Galicia
O PRESIDENTE
CONSELLERÍA DO MAR

José Juan Durán Hermida

O SECRETARIO,



XUNTA DE GALICIA
Portos
de Galicia
S. XERAL ASESORIA JURIDICA
CONSELLERÍA DO MAR



ASUNTO: TRASPASO DE COMPETENCIAS DA ZONA CENTRO Á ZONA NORTE DE PORTOS DE GALICIA CORRESPONDENTE ÓS PORTOS DE REDES, ARES, MUGARDOS, MANIÑOS-BARALLOBRE E O SEIXO.

Coa finalidade de optimizar os recursos existentes no ente público Portos de Galicia propónse elevar a aprobación no próximo Consello de Administración do EPPG do traspaso de competencias dos portos de Redes, Ares, Mugardos, Maniños-Barallobre e O Seixo da Zona Centro á Zona Norte sinalando que o citado traspaso non afecta á organización do ente público nin ás condicións laborais dos traballadores e supón unha mellora na correcta explotación e xestión dos portos afectados considerando o gran número de portos xestionados actualmente dende a Zona Centro.

As razóns son deste cambio residen na moita acumulación de portos na Zona Centro, e na proximidades dos referidos portos á Mariña Lucense, así como na xestión realizada durante os últimos 8 meses neste aspecto que redundou nunha maior eficiencia coa plena aceptación dos usuarios. Deste xeito a situación estratéxica das dependencias da Zona Norte, conxuntamente coa mellora das infraestruturas viarias que van de Lugo a Ferrol, permiten ter un radio de acción similar (entre 60 e 75 minutos en coche) á totalidade dos portos dependentes da zona incluíndo os existentes na comarca de Ferrolterra.

O que se lle comunica para o seu coñecemento e aos efectos oportunos,

En Lugo a 15 de setembro de 2011

O Enxeñeiro Xefe da Zona Norte

Antonio López Fernández

Conforme o Director

Tosé Ignaeio Villar García